

ÍNDICE

- 1.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
- 2.-CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN
- 3.-COMPETENCIAS CLAVE
- 4.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES TIPO
- 5.-INFORMACIÓN Á ALUMNOS DURANTE O ESTADO DE ALARMA

1.-Estándares de aprendizaxe.

1. Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas ou en contextos da realidade.
2. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto a traballar na área de Matemáticas.
3. Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.
4. Le, escribe e ordena números ata o 99.
5. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.
6. Utiliza os números ordinais en contextos reais.
7. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99.
8. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
9. Ordena números enteiros e represéntaos na recta numérica.
10. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados.
11. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados.
12. Emprega procedementos diversos na realización de cálculos numéricos básicos.
13. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.
14. Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.
15. Resolve problemas sinxelos de medida.
16. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.
17. Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-

lonxe e próximo-afastado.

18. Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a outros puntos de referencia utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado.

2.-AVALIACIÓN

Como establece a LOMCE esta será continua, global e integradora e se fará tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis establecidos no decreto 105/2014.

Terá tres momentos: **inicial** para diagnosticar a situación de partida, **continua** para regular o proceso e **final** para valorar o grao de consecución dos obxectivos.

.-Criterios de avaliación

1. Expresar verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema.
2. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.
3. Iniciarse na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe coa axuda guiada do mestre ou da mestra.
4. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.
5. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.
6. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.
7. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.

8. Interpretar representacións espaciais sinxelas realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.
9. Coñecer as figuras planas básicas: cadrado, círculo, rectángulo e triángulo.
10. Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas

.-Criterios de cualificación

Segundo os distintos instrumentos de avaliación empregados na aula os resultados obtidos en cada un deles terán un peso determinado na avaliación xeral da Área.

ÁREAS	INSTRUMENTOS DE EVALUACIÓN	%	INDICADORES
MATEMÁTICAS	- Observación directa y registro de intervenciones en aula, resolviendo situaciones y retos. - Fichas de seguimiento de representación de unidades y decenas con diversos materiales. - Registro de cálculo de mental. - Registro resolución de problemas. - Fichas de evaluación de las unidades	25%	- Domina las operaciones de suma con llevadas y resta sin llevar, y su aplicación a la resolución de problemas sencillos de la vida cotidiana. - Cuenta, lee y escribe números hasta el 99, conociendo el valor de posición de cada cifra (unidad y decena) - Reconoce y nombra en el entorno formas y cuerpos geométricos: círculo y circunferencia. - Realiza cálculos mentales sencillos. - Conoce las unidades básicas de medida del tiempo (la hora) de longitud (el metro) de peso (el Kilo) de capacidad (el litro) - Conoce y utiliza números ordinales hasta el 10º
	Observación y registro de trabajo en el aula	50%	- Realiza sus actividades en el libro, cuaderno o fichas en el tiempo destinado a ello. - Muestra autonomía en las actividades individuales - Muestra una actitud participativa en las explicaciones. - Muestra participación activa en el trabajo cooperativo.
	Observación directa y registro de actitud y comportamiento	20%	- Respeta las normas del aula. - Valora la escucha y atención en las explicaciones diarias, lectura... - Participa y muestra interés. - Se esfuerza en su trabajo personal. - Trabaja en equipo. - Presenta sus trabajos con limpieza y orden.

REGISTRO DE TRABAJO EN CASA	5%	-Realiza fichas de refuerzo y ampliación -Realiza actividades de investigación -Resuelve retos
-----------------------------	----	--

O criterio de cualificación para a terceira Avaliación farase en función das cualificacións das dúas primeiras avaliacións, mmellorando cun punto, aqueles alumnos que realicen as actividades propostas de maneira eficaz. En ningún caso, a nota poderá ser inferior dada a situación actual de estado de alarma:

40% -nota da 1º Avaliación

40% - nota da 2º Avaliación

20% -Traballo dos alumnos.

Valorando:

- O traballo na casa

Criterios de avaliación:

- ☐ Realiza correctamente as sumas e restas con levadas.
- ☐ Conta, le, escribe e compara os números naturais coñecendo o seu valor.
- ☐ Resolve problemas sinxelos de sumas e restas.

5.-COMPETENCIAS CLAVE

Non só a competencia matemática favorece a área de Matemáticas, tamén contribúe ao desenvolvemento das demais competencias:

MATEMÁTICAS	CCL	CMCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas ou en contextos da realidade.	X	X					
Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto a traballar na área de Matemáticas.		X		X			
Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.		X	X	X			
Le, escribe e ordena números ata o 99.	X	X					
Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.	X	X					
Utiliza os números ordinais en contextos reais.		X					
Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99.	X	X		X			
Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.		X					
Ordena números enteiros e represéntaos na recta numérica.		X					
Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados.		X					
Realiza cálculos numéricos básicos coa		X					

operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados.							
Emprega procedementos diversos na realización de cálculos numéricos básicos.		X					
Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.		X		X			
Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.		X		X		X	
Realiza medicións co palmo, o paso e o pé.		X					
Realiza comparacións de peso entre dous obxectos de uso habitual.		X					
Compara e identifica cal é o recipiente de maior capacidade.		X					
Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relación. Minuto, hora, día, semana e ano.		X					
Le en reloxos analóxicos e dixitais a hora en punto e a media hora.		X					
Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais e as súas relacións.		X					
Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes (5, 10, 20 e 50 euros) do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como		X		X			

figuradas.							
Resolve problemas sinxelos de medida.		X		X			
Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.		X		X		X	
Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado.	X	X		X			
Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a outros puntos de referencia utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado.	X	X		X			
Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato.		X		X			
Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados.		X		X			
Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.		X		X		X	
Rexistra e interpreta datos sinxelos en representacións gráficas básicas.		X		X			
Resolve sinxelos problemas nos que interveña a lectura de gráficos.		X		X			

6.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES TIPO

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e o alumno adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de matemáticas:

Necesitamos adestrar de xeito sistemático os procedementos que conforman os piares da materia. Se ben a finalidade da área é adestrar o razoamento lóxico mediante a resolución de problemas, necesitamos dotar os alumnos de ferramentas para poder desenvolver este aspecto. Para iso necesitamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: algoritmos de cálculo, propiedades, linguaxe matemática, operacións, cálculo mental...

Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que pretenden o uso sistemático de procesos de razoamento lóxico, o traballo en grupo colaborador achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

Por outro lado, cada alumno parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes, enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de matemáticas é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

As matemáticas son un conxunto de saberes asociados aos números e ás formas, que permiten a análise de distintas situacións reais. Identifícanse coa dedución, a indución, a estimación, a aproximación, a probabilidade, a precisión, o rigor, a seguridade etc. e axúdannos a enfrontarnos a situacións abertas, sen solución única e pechada.

Os alumnos deben aprender partindo do que xa coñecen e das súas propias experiencias, por iso inclúese material manipulable có libro do alumno.

A área de Matemáticas en Educación Primaria busca desenvolver no alumnado a competencia matemática en todos e cada un dos seus aspectos, unha alfabetización numérica e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións

elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos a situacións reais.

Partindo dos contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliados e as competencias clave establecidos no actual marco curricular de Educación Primaria para a área de Matemáticas, desenvolveuse a presente Proposta didáctica que se divide nos seguintes bloques:

6.1.-Procesos, métodos e actitudes matemáticas.

É común a toda a etapa e é o eixe fundamental da área, polo que se debe desenvolver simultaneamente ao resto de bloques. Articúlase sobre procesos básicos e imprescindibles no quefacer matemático: a resolución de problemas, proxectos de investigación matemática, a modelización, as actitudes e a utilización de medios tecnolóxicos.

6.2.-Números.

Preténdese esencialmente que o alumno constrúa e comprenda o concepto de número, o seu valor e o seu uso en diferentes contextos, e, para iso, neste proxecto empregárase unha metodoloxía que favorece os procesos de xeneralización da aprendizaxe. A presentación dos números fíarase de forma gráfica utilizando o material manipulable.

A aprendizaxe dos números é simultánea ao das operacións. Os pasos dos algoritmos pautáronse para que o alumno poida seguielos de xeito sinxela e ordenada. Esta programación considera o cálculo mental unha parte fundamental da matemática aplicada á vida cotiá.

Preténdese, por un lado, que o alumnado comprenda a información que se transmite nos distintos medios de comunicación e, por outro, que aprenda a realizar un tratamento matemático da información mediante a interpretación e a construción de diferentes tipos de gráficos.

.-Resolución de problemas.

Ademais dos diversos problemas que aparecen ao longo do material impreso da editorial que empregamos, realizaremos actividades específicas para traballar, de forma secuenciada, estratexias concretas de resolución de problemas.

Realizaremos tamén actividades de pensamento lóxico e matemático a través da observación, a intuición, a creatividade e o razoamento lóxico. Estas actividades están pensadas para experimentar, descubrir propiedades e relacións, interpretar feitos, consolidar os contidos do currículo escolar e aplicar os seus coñecementos a distintas situacións.

Todos estes bloques trabállanse de xeito coordinada e relacionado a partir dos seguintes eixes clave:

- ✓ A lectura e a comprensión lectora. A lectura constitúe unha peza fundamental na armazón educativa que, como resulta obvio, non queda restrinxida á área de Lingua Castelá e Literatura exclusivamente, senón que se converte nun vehículo fundamental para unha aprendizaxe eficaz en calquera das áreas. Deste modo, cada unidade comeza cunha lectura motivadora, ademais de recomendacións formuladas en Fomento da lectura.
- ✓ A adquisición das competencias clave. O modelo de ensino-aprendizaxe proposta na presente programación céntrase tamén na adquisición por parte do alumnado das competencias clave propostas no novo currículo básico de Educación Primaria, a partir dunha formulación integradora e funcional. O proxecto baséase na transversalidade e o dinamismo de os coñecementos.
Do mesmo modo, en cada unha das unidades e nos correspondentes trimestrais aparece a sección denominada Conquista PISApolis, con preguntas estruturadas e redactadas de acordo coas avaliacións de TIMMS.
- ✓ Uso das ferramentas tecnolóxicas. Debido á grande importancia das novas tecnoloxías na nosa sociedade e no mundo da educación, esta proposta integra a súa utilización en os procesos de ensino-aprendizaxe das matemáticas, con o obxectivo de que o alumno adquira os coñecementos e as habilidades necesarios para empregar as TIC de forma eficaz e responsable, tanto na aula como fóra.
- ✓ O valor da cooperación. Dentro de cada taller trimestral se inclúe o apartado Cooperamos para aprender, cuxo propósito radica en que os alumnos desenvolvan, a través da aprendizaxe cooperativo, un traballo en grupo no que apliquen os coñecementos traballados durante o trimestre.

Finalmente, cabe engadir que esta Proposta didáctica se fundamenta nos seguintes principios da metodoloxía de ensino-aprendizaxe.

- ✓ A motivación do alumnado. A necesidade de que o alumno adopte un papel activo no proceso de ensino-aprendizaxe satisfaise a través dunha proposta que formula converter a aprendizaxe nunha experiencia motivadora.
- ✓ A axeitada selección e secuenciación de contidos. A estrutura do método pretende que exista harmonía entre as metas e os medios que se utilizan para conseguilas.
- ✓ A aprendizaxe significativa. A aprendizaxe do alumno fórmulanse a partir dos coñecementos e das experiencias previas que este xa posúe, para ir construíndo os novos conceptos.
- ✓ O ensino será activo e centrada no alumno. Entendida nun dobre sentido: por unha parte como modo de que os alumnos realicen unha aprendizaxe autónoma e, por outra, establécense estratexias que levan a unha actividade en todos os aspectos: manipulativos, motóricos e cognitivos.
- ✓ O progreso e o reforzo das aprendizaxes. Os contidos e as actividades aparecen secuenciados atendendo ao criterio de progresión, coa finalidade de compasar de xeito axeitado o proceso de ensino-aprendizaxe co grao de complexidade dos contidos. Así mesmo se introduciron actividades destinadas a que os alumnos poidan repasar e reforzar as aprendizaxes xa realizadas.
- ✓ A atención á diversidade e aos diferentes estilos de aprendizaxe dos alumnos. Coa finalidade de que o docente poida adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á diversidade da aula e aos diferentes estilos de aprendizaxe de cada alumno.

ACTIVIDADES TIPO

Levaremos a cabo diferentes tipos de actividades que poñan en funcionamento capacidades de acción-reflexión dos alumnos por iso as súas características serán:

- Motivadoras, coeducadoras, gratificantes, útiles.
- Cércanas a realidade e características dos alumnos.
- Creativas.
- Actividades individuais e grupais.
- Flexibles na súa realización.

As actividades son de ampliación e reforzo dos contidos que demos ata o de agora. Entre as actividades propostas están:

Reforzo do primeiro e segundo trimestre de **matemáticas** e webs que permiten repasar as asignaturas a través de xogos ou actividades dixitais.

<https://www.mundoprimaria.com/juegos-educativos/juegos>

<https://lp.smartick.es/>

<http://www.cristic.com/1o-y-2o-de-primaria/>

Durante o día poden resolver dúbidas a través do correo proporcionado.

Como titora da clase de 1º A ,todas estas acción están realizadas en coordinación cos demais profesores que imparten outras asignaturas na aula, como Educación artística , Physical education and English.

17.-INFORMACIÓN ALUMNOS EN ESTADO DE ALARMA

A aula de 1ºA, decidiu comunicarse cos seus alumnos a través dunha conta correo Google a través da cal semanalmente envíase aos alumnos unha serie de fichas para que poidan traballar durante estes días de confinamento. As fichas farannas 1 de cada asignatura ao día.